



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA VINTE DE AGOSTO DE DOUS MIL VINTE E CATRO.

Expte: 2024/G007/000028

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás dez horas e quince minutos do día vinte de agosto de dous mil vinte e catro, reúnen-se en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local; previa convocatoria efectuada regulamentariamente conforme ao resolto en decreto núm. 439 de data 19 de agosto do 2024 e baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández, asisten os concelleiros dona Rosa Ana García López, don Benito Manuel Vega Fernández, dona Tamara Sabín Caamaño e don Alejandro Antonio García Sousa.

Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro. E asiste o interventor accidental don Senén Martínez Prieto.

Despois de aberta pola Presidencia a sesión, esta celébrase comezando co debate e votación dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 13.08.24 (ORDINARIA).-

O Alcalde preguntalle aos concelleiros se teñen que facer algunha observación á devandita acta, e ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión de 13.08.24 queda aprobada sen ningunha obxección pola Xunta de Goberno Local.

2º.- APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN N.º 4 DA REPARACIÓN E MELLORA DO FIRME DA AVENIDA DE FERROL E DA ESTRADA EN A COSTEIRA E A CORRESPONDENTE FACTURA (EXPEDIENTE 2023/C003/000003)

“APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN DE OBRA

Vista a certificación de obra n.º 4 “*Reparación e mellora do firme da Avenida de Ferrol e da Estrada en A Costeira*” do Concello de Valdoviño, asinadas pola dirección de obra o 1 de agosto de 2024 e inxerida no Rexistro Xeral do Concello de Valdoviño en data 01/08/2024. A correspondente factura foi presentada telemáticamente pola empresa adxudicataria **José No Mantiñán e Hijos Construcciones, S. A.** o día 1 de agosto de 2024 por importe de 4.499,24 euros.

Visto o informe emitido pola intervención accidental municipal. A Alcaldía de acordo coas competencias que se atribúen á Alcaldía polo artigo 21, apartado 1.f) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada polas Leis 11/99 e 57/03, pola presente

PROPONSE:

PRIMEIRO.- Aprobación da certificación de obra n.º 4 “*Reparación e mellora do firme da Avenida de Ferrol e da Estrada en A Costeira*” do Concello de Valdoviño emitida por **José No Mantiñán e Hijos Construcciones, S. A.** por importe de 4.499,24 euros e a correspondente factura n.º FE24 91 de data 01/08/2024 presentada no rexistro de facturas electrónicas en data 01/08/2024.



SEGUNDO.- De conformidade disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local como Alcalde e ordenador de pagos, acordar e ordenar o pago dos importes citados que derivan do recoñecemento da obriga, así como recoñecer o dereito do Concello de Valdoviño ao cobro das taxas enunciadas no artigo 6 da *Ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación de servizos, inspección e dirección de obras realizadas polos técnicos competentes*. Así, o tipo de gravame a aplicar será o 3% e o 1% do presuposto de execución material pola dirección e inspección de obra e coordinación de seguridade e saúde, respectivamente.

Polo tanto, ao importe total da certificación n. 4 “*Reparación e mellora do firme da Avenida de Ferrol e da Estrada en A Costeira*” deberán descontárselle 93,74 euros pola dirección e inspección de obra e 31,25 euros respecto a coordinación de seguridade e saúde.

TERCEIRO.- Ordear o pagamento da certificación de obra nº 4 “*Reparación e mellora do firme da Avenida de Ferrol e da Estrada en A Costeira*” do Concello de Valdoviño emitida por **José No Mantiñán e Hijos Construcciones, S. A.** por importe de 4.499,24 euros e a correspondente factura nº FE24 91 de data 01/08/2024 presentada no rexistro de facturas electrónicas en data 01/08/2024 unha vez descontados os importes das taxas por dirección e inspección de obra e coordinación de seguridade e saúde.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica

O Alcalde do Concello de Valdoviño;
Asdo.; Alberto González Fernández.”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2023/C003/000003).

3º.- APROBACIÓN DE GASTOS: RELACIÓN DE FACTURAS N.º F/2024/22 (EXPEDIENTE 2024/X999/000133)

“PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA

APROBACIÓN DE GASTOS: RELACIÓN DE FACTURAS N.º F/2024/22

Elaborouse a seguinte relación de facturas que figura co número F/2024/22 e que se remitiu pola Intervención Municipal. A contía total da presente relación de 14 facturas ascende á cantidade de CENTO DEZASEIS MIL SEISCENTOS CATORCE EUROS CON SESENTA E CATRO CÉNTIMOS (116.614,64 €). As facturas que integran a antedita relación figuran como anexo á proposta.

A Alcaldía, de acordo coas competencias que se atribúen á Alcaldía polo artigo 21, apartado 1.f) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada polas Leis 11/99 e 57/03,

PROPÓN:

PRIMEIRO.- APROBAR a relación de facturas sinalada, F/2024/22 por importe bruto de 116.614,64 euros.



En Valdoviño, na data da sinatura electrónica

O alcalde:

Asdo. D. Alberto González Fernández (Asdo. dixitalmente)

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2024/X999/000133).

4º.- APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA ESCOLA INFANTIL SITUADA NA RÚA ENSINO S/N, A NON DIVISIÓN EN LOTES DO INVESTIMENTO, APROBACIÓNS DOS CORRESPONDENTES PREGOS DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS, ASÍ COMO A AUTORIZACIÓN DO GASTO (EXPEDIENTE 2024/C003/000008)

PROPOSTA DA ALCALDÍA

Visto que a Consellería de Política Social e Xuventude ao abeiro da resolución de concesión de subvención para a creación de novas prazas do primeiro ciclo de educación infantil de titularidade pública outorgou a Concello de Valdoviño unha axuda por importe de 129.892,35 € e visto o préstamo bancario suscrito coa entidade BBVA en data 21/03/2024 ao abeiro do acordo adoptado en sesión plenaria de data 07/03/2024 para a parte restante ata acadar os 611.313,83 euros do total do proxecto denominado: ESCUELA INFANTIL SITUADA EN RÚA ENSINO, s/n

Visto a memoria xustificativa e proposta da Alcaldía, na que o Alcalde informou sobre a necesidade de contratar a obra citada, debido aos motivos indicados na citada memoria; considerándose que o procedemento máis adecuado é o aberto ordinario con pluralidade de criterios de adxudicación

Vista a providencia de Alcaldía de data 12/08/2024.

Visto o informe de secretaría de data 12.08.2024 e de intervención accidental de data 14.08.2024, o informe do arquitecto municipal de data 07/08/2024, xustificativo da imposibilidade de dividir en lotes a presente obra, así como o informe de supervisión favorable da Deputación de Coruña de data 21/06/2024.

Despois de examinar a documentación achegada, de conformidade co establecido no artigo 116 e na disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, esta Alcaldía

PROPÓN:

PRIMEIRO: Aprobar o expediente de contratación, mediante procedemento aberto, con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática, tramitación ordinaria, da obra **ESCUELA INFANTIL SITUADA EN RÚA ENSINO, s/n**, polo prezo de **505.218,04 euros**, ao que se engadirá o Imposto sobre o Valor Engadido por valor de **106.095,79 euros**, o que supón un total de **611.313,83 euros**.



SEGUNDO: Aprobar a non división en lotes do presente investimento, en base ao informe xustificativo do arquitecto municipal de data 07/08/2024.

TERCEIRO: Aprobar os correspondentes pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán o contrato e o proceso de adjudicación.

CUARTO: Autorizar o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 321.60900 do orzamento municipal do exercicio 2024.

QUINTO: Publicar o corresponde anuncio no perfil de contratos do sector público.

/DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE POLO SEÑOR ALCALDE/

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2024/C003/000008).

5º.- APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN N.º 7 E FINAL DA REPARACIÓN DE ESTRADAS EN XAVARIZ, VILARRUBE, AVIÑO E OUTROS E A CORRESPONDENTE FACTURA (EXPEDIENTE 2022/C003/000002)

APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN DE OBRA

Vista a certificación de obra n.º 7 e final “*Reparación de estradas en Xavariz, Vilarrube, Aviño e Outros*” do Concello de Valdoviño, asinadas pola dirección de obra o 3 de xaneiro de 2024 e inxerida no Rexistro Xeral do Concello de Valdoviño en data 08/01/2024. A correspondente factura foi presentada telemáticamente pola empresa adjudicataria **José No Mantiñán e Hijos Construcciones, S. A.** o día 8 de xaneiro de 2024 por importe de 7.788,29 euros.

Vista a acta de recepción de obra de data 03/06/2024 asinada polo representante da oficina técnica municipal, polo director de obra, polo representante da adjudicataria, pola intervención municipal e polo técnico dos servizo de asistencia técnica a municipios da Deputación da Coruña.

Visto o informe emitido pola intervención municipal.

A Alcaldía de acordo coas competencias que se atribúen á Alcaldía polo artigo 21, apartado 1.f) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada polas Leis 11/99 e 57/03, pola presente

PROPONSE:

PRIMEIRO.- Aprobar a certificación de obra n.º 7 e final “*Reparación de estradas en Xavariz, Vilarrube, Aviño e Outros*” do Concello de Valdoviño emitida por **José No Mantiñán e Hijos Construcciones, S. A.** por importe de 7.788,29 euros e a correspondente factura n.º FE24 1 de data 11/01/2024 presentada no rexistro de facturas electrónicas en data 11/01/2024.



SEGUNDO.- De conformidade disposto no artigo 21 da *Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local* como Alcalde e ordenador de pagos, acordar e ordenar o pago dos importes citados que derivan do recoñecemento da obriga, así como recoñecer o dereito do Concello de Valdoviño ao cobro das taxas enunciadas no artigo 6 da *Ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación de servizos, inspección e dirección de obras realizadas polos técnicos competentes*. Así, o tipo de gravame a aplicar será o 3% e o 1% do presuposto de execución material pola dirección e inspección de obra e coordinación de seguridade e saúde, respectivamente.

Polo tanto, ao importe total da certificación n. 7 e final “*Reparación de estradas en Xavariz, Vilarrube, Aviño e Outros*” deberán descontárselle 168,75 euros pola dirección e inspección de obra e 56,25 euros respecto a coordinación de seguridade e saúde.

TERCEIRO.- Ordear o pagamento da certificación de obra nº 7 e final “*Reparación de estradas en Xavariz, Vilarrube, Aviño e Outros*” do Concello de Valdoviño emitida por **José No Mantiñán e Hijos Construcciones, S. A.** por importe de 7.788,29 euros e a correspondente factura nº FE24 1 de data 08/01/2024 presentada no rexistro de facturas electrónicas en data 11/01/2024 unha vez descontados os importes das taxas por dirección e inspección de obra e coordinación de seguridade e saúde.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica

O Alcalde do Concello de Valdoviño;

Asdo.; Alberto González Fernández.”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2022/C003/000002).

6.- APROBACIÓN DA CONTINUACIÓN DO SERVIZO CONCILIA TEMPOS MAÑÁS PARA O CURSO 2024-2025 (EXPEDIENTE 2024/C004/000006)

“PROPOSTA DE ALCALDÍA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA A CONTINUACIÓN DO SERVIZO “CONCILIA TEMPOS MAÑÁS 2024/25”

Alberto González Fernández, Alcalde do Concello de Valdoviño, existindo a necesidade de dar continuidade ao servizo “Concilia Tempos Mañás” de conciliación da vida familiar, persoal e laboral durante o curso escolar 2024/25, vista a retención de crédito practicada polos Servizos Económicos que obra no expediente e visto o informe técnico do Departamento de Servizos Sociais, que se transcribe a continuación:

“INFORME PARA A CONTINUACIÓN DO SERVIZO “CONCILIA TEMPOS MAÑÁS” PARA O CURSO 2024-2025

1. ANTECEDENTES

Nos anos anteriores desenvolveuse o programa Concilia Tempos Mañás, para cubrir a necesidade das familias de conciliar a vida laboral e familiar a primeira hora da mañá. Inicialmente, impulsouse no CPI Atios, se ben nos últimos anos púxose en marcha tamén en dúas das escolas do CRA O Esquíu (Taraza e Lago).



A contratación de hai dous anos realizouse na modalidade de contrato menor coa xestión externa de Picariños Animación S.L.

Actualmente estase á espera da revisión dos pregos polo departamento de Intervención de cara a publicar a licitación do servizo.

2. OBXECTIVO

Ofrecer o servizo de conciliación nos centros educativos, de cara a cubrir a primeira hora da mañá á vista da necesidade e demanda das familias, mediante a xestión externa dunha entidade especializada na atención socioeducativa á infancia.

3. CONTEXTUALIZACIÓN

Debido á demanda existente, e coñecendo o número de inscricións realizadas no prazo aberto en xuño e, nalgún caso fóra do prazo, rexístrase ata o momento a seguinte ocupación de prazas:

<i>CPI Atios</i>	<i>25 prazas</i>	<i>25 solicitudes</i>
<i>CRA Esquíu (escola Taraza)</i>	<i>10 prazas</i>	<i>6 solicitudes</i>
<i>CRA Esquíu (escola Lago)</i>	<i>10 prazas</i>	<i>7 solicitudes</i>

Debido a que aínda existen prazas libres, permanecerá aberta a opción de participar durante todo o curso, sendo habitual que haxa movementos de altas e baixas durante o curso escolar.

O horario do servizo será entre as 7:30 no caso de Atios e desde as 8:00 horas no caso das escolas do C.R.A.

A ratio máxima que se propón é de 10 nenas/nenos por persoa monitora no caso de haber unha única persoa, e de 12-13 no caso de haber dúas. En función da demanda inicial, a contratación inicial será de 2 persoas monitoras para CPI Atios e unha para cada escola do C.R.A.

4. ORZAMENTO E CRÉDITO

Para valorar a continuación solicítase orzamento á empresa que viña desenvolvendo o servizo, por un importe mensual de 2002 euros (máis 10% IVE).

5. PREZOS PÚBLICOS

Atendendo ao texto da Ordenanza reguladora de prezo público pola prestación de servizos educativos, culturais e deportivos:

“ Outras escolas ou actividades formativas e servizos culturais. Os custos ateranse, de acordo co preceptuado pola lei, á cobertura dos gastos de organización”*

Séguese co prezo mensual de 30 euros ao mes e 20 euros medio mes, por neno ou nena. Ambos supostos contan cun 20% de desconto para irmás.

Este prezo non permite cubrir na súa totalidade os gastos do servizo aos que fai referencia a ordenanza. Sen embargo, acolléndose ao texto do TRLFL (“Texto refundido da Lei de Facendas Locais”), no seu artigo 44, referente á contía:

1. O importe dos prezos públicos deberá cubrir como mínimo o custo do servizo prestado ou da actividade realizada.

2. Cando existan razóns sociais, benéficas, culturais ou de interese público que así o aconsellen, a entidade poderá fixar prezos públicos por debaixo do límite previsto no apartado anterior. Nestes casos deberán consignarse nos orzamentos da entidade as dotacións oportunas para a cobertura da diferenza resultante se e houbera.”



En relación ao punto 2, dende o departamento de Servizos Sociais faise o axuste necesario segundo as características da poboación destinataria e os parámetros habituais do custo das actividades, establecendo a cantidade de 30 euros/mes e 20 euros/medio mes por neno ou nena participante, cun desconto do 20% para irmás.

6. VALORACION DE PROPOSTAS

Considerando que a empresa que viña desenvolvendo o servizo no curso anterior foi Picariños Animación S.L. propónse a continuación coa mesma entidade.

Horarios e persoal:

Atios: 7:30h- 9:30h - 1 persoa monitora de 7:30h a 9:30h - 1 persoa monitora de 8:00h a 9:30h

Taraza e Lago: 8:00h- 9:30h - 1 persoa en cada centro de 8:00h a 9:30h

Coste mensual persoal e coordinación do servizo: 1.772 €

Coste mensual alimentación e materiais didácticos: 230,00 €

A pesares de que se solicita a aprobación da continuidade do servizo para todo o curso escolar, o obxectivo é licitar a contratación cando sexa posible ao estar os pregos administrativos en proceso de elaboración.

Por todo o exposto, ante a necesidade de dar continuidade ao servizo Concilia Tempos Mañás infórmase da conveniencia de manter a prestación dese servizo con Picariños Animación S.L., por un importe mensual de 2002 euros (máis 10% IVE), mentres non se resolva a licitación.

Valdoviño, 8 de agosto de 2024

Iria García Martínez

Educadora Social (colex.3545)”

PROPOÑO:

á Xunta de Goberno Local, aprobar a continuación do servizo Concilia Tempos Mañás para o curso 2024-2025 mediante a xestión de Picariños Animación S.L. por un importe mensual de 2002 euros (máis 10% IVE), mentres non se resolva a licitación do dito servizo.

Asinado dixitalmente, en Valdoviño, na data que figura na marxe do documento.

O Alcalde,

Alberto González Fernández”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2024/C004/000006).

7º.- PRÓRROGA DA XESTIÓN DO SERVIZO DO PUNTO DE ATENCIÓN A INFANCIA PARA O CURSO 2024-2025 (EXPEDIENTE 2021/C004/000001)

“PROPOSTA DE ALCALDÍA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA A PRÓRROGA DO CONTRATO DA XESTIÓN DO SERVIZO DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA”



Alberto González Fernández, Alcalde do Concello de Valdoviño, vista a necesidade de prorrogar o contrato do servizo do Punto de Atención á Infancia de Valdoviño e vistos os informes de Secretaría, Intervención e Servizos Sociais, o cal se transcribe a continuación:

“INFORME TÉCNICO SOBRE O CUMPRIMENTO DO CONTRATO DO DESENVOLVEMENTO DO SERVIZO DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA “AULA DA NATUREZA”

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 07.10.21 acorda a adjudicación definitiva do contrato de servizo para a xestión do Punto de Atención á Infancia “Aula da Natureza” do Concello de Valdoviño a Bolboreta Infancia S.R.L (BOLBORETA INFANCIA SOCIEDADE DE RESPONSABILIDADE LIMITADA), con CIF B 7039756.

Segundo.- No contrato consta que o prazo de execución é dende a data da acta do inicio do servizo ata o 31.7.2023, cunha prórroga máxima ata o 31.07.2025.

Terceiro.- No ano 2023 aprobouse a primeira das prórrogas, de carácter anual, estando vixente ata o 31.07.2024.

Cuarto.- Para asumir a realización do seguinte curso escolar dentro do contrato actual, é preciso aprobar a segunda e última prórroga, ata o 31.07.2024.

Atendendo ao obxecto do contrato, **INFORMO**

- Que para a prórroga do dito servizo é preciso revisar o cumprimento do contrato da empresa prestadora co fin de valorar a súa continuidade.
- Que a valoración técnica requirida para a prórroga, en relación aos aspectos esixidos no prego de prescricións ten un resultado positivo e existe cumprimento xeral sobre as cuestións recollidas nas cláusulas que regulan o servizo no referente a medios persoais e materiais. Ademais do contacto constante mantense unha reunión coa directora do recurso para abordar os aspectos pedagóxicos que aínda non incorrendo en incumprimento, é recomendable revisar no transcurso do tempo e facer unha avaliación da calidade do servizo prestado.

REVISIÓN DAS OBRIGAS DA CONTRATACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DO SERVIZO

1. PROXECTO PEDAGÓXICO.

O desenvolvemento do proxecto pedagóxico é tecnicamente correcto. O servizo transcorre dun xeito positivo e cunha boa calidade no referente á atención dos nenos e nenas. A implicación das educadoras no labor educativo é alta e as familias manifestan satisfacción coa atención e o espazo.

Se ben hai aspectos que varían na programación, os cambios son sempre pensados para axustar as actividades e os materiais ao grupo e ás necesidades do mesmo, polo que se valora axeitado e parte da responsabilidade profesional das educadoras.

Alguns dos aspectos a comentar son os seguintes:



1.1 Participación e relación coas familias ou responsables legais.

A relación coas familias é diaria, mantendo conversas nas entradas e saídas e tamén un contacto frecuente a través do grupo telefónico. Igualmente, mantéñense as entrevistas personalizadas ao inicio do curso e nas titorías, así como a reunión conxunta ao final do curso.

No relativo ás actividades formativas complementarias coas familias, organizáronse as seguintes:

o Coñecendo a disciplina positiva

o Educación para a Saúde e Primeiros Auxilios

o Proxecto de Incubación de ovos (Avimos)

Ademais da planificación de actividades complementarias, hai participación informal das familias no espazo, aspecto promovido polas traballadoras.

En relación a este punto, a empresa da cumprimento ás obrigas básicas recollidas no proxecto.

1.2. Alimentación

Na descrición do servizo establecíase como fundamental coidar todos os aspectos relacionados coa alimentación dentro do espazo e nas pautas que se poidan trasladar ás familias.

Así como o curso pasado houbo que lembrar esta cuestión nun momento puntual, non volveu acontecer ningún incidente respecto a esta cuestión

2. OBRIGAS DA EMPRESA ADXUDICATARIA

2.1 Comunicación co concello e publicidade

Considérase preciso lembrar que a comunicación co concello debe ser constante, informando de todos os aspectos relacionados coa programación de actividades complementarias, aspectos da relación coas familias (convites, circulares, etc) así como facer chegar á responsable de prensa toda a información de actividades co tempo necesario para a súa difusión.

2.2. Medios persoais

A empresa prestadora mantén ao mesmo persoal no servizo que o indicado no momento da formalización do contrato, do que xa se presentara a acreditación formativa. Ademais, conta cunha persoa a maiores que complementa a redución horaria dunha das traballadoras.

Anualmente a empresa fai chegar o custo salarial das persoas traballadoras, de cara a comprobar e a xustificar o Proxecto anual de Servizos Sociais Comunitarios (Plan Concertado).

2.3. Medios materiais

Ademais dos materiais necesarios para o desenvolvemento do proxecto educativo, a empresa debe aportar os materiais que reflexaron na súa proposta en relación a “melloras”. Algúns deles xa foron aportados e outros vanse renovando na medida que resulta preciso.



Segundo o exposto anteriormente, conclúese que a empresa prestadora do servizo do Punto de atención infantil “Aula da Natureza” cumpre coa totalidade dos compromisos derivados da súa oferta ata o momento actual, sendo necesaria a prórroga anual do contrato para a continuidade do servizo, ata o 31.07.2025.

Para que conste aos efectos oportunos.

Asinado dixitalmente, en Valdoviño, na data que figura na marxe do documento, pola Educadora social (Servizo de Educación e Apoio Familiar) do Departamento de Servizos Sociais Comunitarios.

PROPOÑO:

Acordar a última prórroga da xestión do servizo do Punto de Atención á Infancia de Valdoviño, tal e como consta no contrato, por parte da empresa Bolboreta Infancia S.R.L por un período de un ano, isto é, ata o 31.07.2025

Alberto González Fernández

O Alcalde Valdoviño,

08 de agosto de 2024 “

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2021/C004/000001).

8º.- APROBACIÓN DA COLABORACIÓN MUNICIPAL CO SERVIZO ESPAZOS DE PRESERVACIÓN FAMILIAR (EXPEDIENTE 2024/S011/000006)

“PROPOSTA DE ALCALDÍA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA A APROBACIÓN DA COLABORACIÓN CO SERVIZO “ESPAZOS DE PRESERVACIÓN FAMILIAR” (Asociación Arela e a Fundación Meniños)”

Alberto González Fernández, alcalde do Concello de Valdoviño, coñecendo o Servizo que se presenta e visto o informe técnico da educadora social dos Servizos Sociais Comunitarios que se transcribe a continuación:

“INFORME SOBRE A COLABORACIÓN CO SERVIZO “ESPAZOS DE PRESERVACIÓN FAMILIAR” (Asociación Arela e a Fundación Meniños)

Iria García Martínez, educadora social do Concello, en relación á proposta de colaboración co servizo “Espazos de preservación familiar”, posto en marcha pola Asociación Arela e a Fundación Meniños

INFORMO

PRIMEIRO.- Este servizo ponse en marcha a través da Asociación Arela e a Fundación Meniños (UTE Espazos). Desenvólvese en colaboración coa Consellería de Política Social e Xuventude da Xunta de Galicia, cofinanciado polo Fondo Social Europeo Plus no marco do Programa FSE+ Galicia 2021-2027.



SEGUNDO.- Que este servizo ofrece apoio psicolóxico, social e educativo para nenos, nenas e adolescentes en situacións de risco leve e as súas familias, reforzando o “escudo” comunitario e evitando a cronificación das situacións familiares e a entrada dos nenos, nenas e adolescentes no sistema de protección. Como proxecto piloto innovador en servizos sociais, aportará rigor e evidencia científica aos programas de intervención familiar, dotándose dunha avaliación de impacto, dirixida polo grupo de investigación ESCULCA da Universidade de Santiago.

TERCEIRO.- Que no caso de Valdoviño este servizo supón un apoio para o Servizo de Educación e Apoio Familiar, permitindo un traballo coordinado con outros perfís profesionais e un aumento da rede profesional en materia de protección de menores. O feito de ter tamén contacto coas UACO da Consellería de Educación, permitirá poder facer un seguemento amplo e unha intervención integral. As derivacións e coordinación de casos será dende o Servizo de Educación e Apoio Familiar dos Servizos Sociais Comunitarios do Concello de Valdoviño.

CUARTO.- Que o propio servizo conta con axuda económica ás persoas usuarias para o desprazamento a Ferrol, lugar onde teñen o espazo de atención, polo que non suporía ningún gasto asociado para o Concello de Valdoviño.

QUINTO.- Que para participar no Servizo unicamente é preciso asinar o contrato en materia de protección de datos pola persoa responsable da entidade, polo que se presenta para a sinatura do Alcalde. A documentación para as derivacións e seguemento de casos será manexada pola educadora social do Concello (Servizo de Educación e Apoio Familiar) e as figuras de referencia de cada caso dentro do Equipo de UTE Espazos.

Para que conste aos efectos oportunos.

Asinado dixitalmente, en Valdoviño, na data que figura na marxe do documento, pola Educadora social (Servizo de Educación e Apoio Familiar) do Departamento de Servizos Sociais Comunitarios.

*Iria García Martínez
Educadora Social (Col. 3545)”*

PROPOÑO:

á Xunta de Goberno Local a aprobación da colaboración co servizo “Espazos de preservación familiar” impulsado pola UTE Espazos e asinar o contrato de protección de datos para iniciar a colaboración co dito servizo.

Asinado dixitalmente, en Valdoviño, na data que figura na marxe do documento,

O alcalde,
Alberto González Fernández”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2024/S011/000006).



-FORA DA ORDE DO DÍA-

Despois de sometida e ratificada pola Xunta de Goberno a urxencia do asunto que de seguido se especifica, en base a evitar demoras na tramitación do expediente de urbanismo, inclúese fóra da Orde do Día.

- EXPEDIENTE DE URBANISMO: APROBACIÓN DA LICENZA DE OBRA MAIOR NÚM. 119/2024.-

“PROPOSTA DE ALCALDÍA DE LICENZA DE OBRA MAIOR.

Expte: 119/2024 Tedec 2024/U022/000006

.- Expte. de obras 119/2024. [REDACTED] solicita licenza para as obras de **construcción de vivenda unifamiliar** nunha parcela situada no lugar de **Lavacerido**, 44 (referencia catastral nº. 5279115NJ6257N0001GD).

Vista a documentación técnica achegada, que consiste en:

- Proxecto Básico de vivenda unifamiliar redactado pola arquitecta Eva M^a Álvarez Fernández, achegado o 04/03/2024.
- Modificado de Proxecto Básico e de Execución de vivenda unifamiliar, achegado o 25/06/2024 e visado o 21/06/2024, redactado pola mesma arquitecta (substitúe ao anterior)
- Oficio de Dirección de obra de arquitecto a nome de Eva M^a Álvarez Fernández, achegado o 25/06/2024 e visado polo correspondente colexio o 21/06/2024; e Oficio de Dirección de Execución da obra de arquitecto técnico e de Coordinador de Seguridade e saúde a nome de Daniel Tudo Anta achegados o 08/07/2024 e visados polo correspondente colexio o 05/07/2024.

Segundo as Normas Subsidiarias de Ordenación Municipal (en adiante NNSSPP), en vigor neste Concello, a parcela na que se proxecta a obra atopase situada en solo clasificado e calificado, como **SOLO URBANO. ZONA DE RESIDENCIAL EXTENSIVA. VIVENDA UNIFAMILIAR.**

Considerando que a documentación que se achega ao expediente é conforme e completa, segundo o informe do arquitecto municipal de data 19/08/2024 que se emite en sentido **FAVORABLE**

E visto informe xurídico da Secretaria municipal de data 19/08/2024 en sentido **FAVORABLE.**

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes **ACORDOS:**

Primeiro.- Conceder a [REDACTED] **a licenza municipal de obras para a construción de vivenda unifamiliar** nunha parcela situada no lugar de Lavacerido, 44 (referencia catastral nº. 5279115NJ6257N0001GD). A licenza se outorga salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Segundo.- As obras axustaranse á documentación técnica achegada e asinada pola arquitecta **Eva M^a Álvarez Fernández** e as condicións sinaladas no informe do arquitecto municipal (Anexo 1: **CONDICIÓN DA LICENZA**) de data 19 de AGOSTO de 2024, debendo trasladarse ditas condicións ao promotor do expediente en debida forma, xunto coa licenza municipal.



Terceiro.- Aprobar a liquidación provisional das obras, segundo informe que consta no expediente e co seguinte desglose: **Taxa 798,50 €, ICIO.- 3.673,12 €**

Cuarto.- Aprobar o prazo de execución das obras, que se estima en 36 meses.

Quinto.- Notifíquese o presente acordo aos interesados e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite, así coma aos servizos económicos para os efectos oportunos.

En Valdoviño, asinada electrónicamente na data á marxe polo Sr. Alcalde Alberto González Fernández”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2024/U022/000006).

6º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, o Alcalde levantou a sesión, ás dez horas e trinta minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, CERTIFICO o contido da presente acta.

/Documento asinado na marxe esquerda do mesmo pola secretaria municipal e polo sr. alcalde/